Representantes de Re-Viste, o primeiro sistema colectivo de responsabilidade ampliada do produtor (SCRAP) especializado en téxtil e calzado en España, visitaron as instalacións de Sogama en Cerceda para coñecer a evolución das obras da futura planta de clasificación de residuos téxtiles que a empresa pública está a construír no seu Complexo Medioambiental.

Durante o encontro, no que participaron o presidente de Sogama, Javier Domínguez, e a directora xeral, Mirta Sueiro, abordouse a situación actual dun proxecto chamado a desempeñar un importante papel na transición cara a modelos de produción e consumo máis circulares. Cun investimento de 22,4 millóns de euros, dos que 12 millóns proceden de fondos europeos, a instalación converterase na primeira planta pública destas características en España.

A infraestrutura estará equipada con sistemas automatizados de selección apoiados por intelixencia artificial, que permitirán identificar as pezas susceptibles de reutilización e clasificar o resto en función das súas fibras e cores para facilitar a súa posterior reciclaxe.


Ademais da súa dimensión ambiental, o proxecto incorpora unha destacada vertente social. Nunha primeira fase prevese a creación de entre 16 e 30 postos de traballo para persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.

A futura planta enmárcase na aposta de Galicia pola moda circular e pola valorización dos residuos téxtiles, un fluxo que adquire cada vez maior relevancia logo da implantación da recollida separada obrigatoria e o impulso das políticas europeas orientadas a fomentar a reutilización e a reciclaxe de materiais.





## Mundo SOGAMA



O curso en liña de educación ambiental para profesorado de Sogama realizouse a través de PLATEGA (Plataforma de Teleformación de Galicia)

### Máis de medio cento de docentes completan o curso de educación ambiental promovido por Sogama

A décimo cuarta edición do curso en liña de educación ambiental, promovido por Sogama, formou amáis de medio cento docentes de educación infantil, primaria e secundaria. A iniciativa estivo orientada a fortalecer a bagaxedo profesorado en cuestións ambientais e a proporcionar ferramentas de utilidade para trasladar estes contidos ao ámbito educativo.

Ao longo do programa abordáronse diferentes temáticas relacionadas cos obxectivos de desenvolvemento sostible, a biodiversidade, as enerxías renovables, o cambio climático, a economía circular e a xestión sostible dos residuos. Entre os contidos incluídos figurou tamén unha aproximación ao modelo Sogama, analizando tanto a súa dimensión industrial e loxística como a súa contribución ambiental e social.

A acción formativa completouse coa difusión de recursos didácticos específicos para as aulas e coa presentación de distintas campañas e iniciativas educativas impulsadas pola empresa pública. Ademais, os participantes tiveron acceso a información de actualidade, experiencias e materiais complementarios que serviron para enriquecer o debate e fomentar a reflexión arredor dos desafíos ambientais presentes e futuros.

Con esta nova edición, Sogama dá continuidade a unha liña de traballo consolidada no ámbito da educación ambiental, recoñecendo o papel do profesorado como un dos principais axentes na transmisión de coñecementos, valores e hábitos responsables entre as novas xeracións.





## Mundo SOGAMA

### O Complexo Medioambiental de Sogama recibe visitas internacionais e institucionais que coñecen o seu modelo de xestión de residuos e educación ambiental



*O presidente de Sogama, Javier Domínguez, saúda ao grupo e faille entrega dun agasallo institucional*

A empresa pública acolleu nas últimas semanas a visita de distintas delegacións do ámbito social, educativo, tecnolóxico e institucional interesadas en coñecer o funcionamento do Complexo Medioambiental de Cerceda e os programas que desenvolve en materia de innovación, formación e economía circular.

O programa de visitas de Sogama consolídase como unha ferramenta de divulgación e transferencia de coñecemento, achegando á cidadanía e a profesionais internacionais a visión directa dun sistema que integra tratamento industrial, innovación tecnolóxica e educación ambiental.

Unha das entidades recibidas no Complexo foi a Asociación contra o Cancro da provincia de Pontevedra, cuxos membros percorreron

as instalacións acompañados por técnicos da entidade. Durante a visita coñeceron o ciclo completo de xestión dos residuos, desde a recollida municipal ata a súa clasificación, reciclaxe e valorización enerxética, así como a evolución do modelo galego, logo doo peche dos antigos vertedoiros municipais.

#### Delegación de Panamá

Representantes da Autoridade Nacional para a Innovación Governamental de Panamá desprazáronse a Cerceda para coñecer o proceso de transformación dixital de Sogama, que permite realizar un seguimento en tempo real da trazabilidade dos residuos e facilita información aos concellos a través de plataformas específicas. A delegación completou a súa estada cun percorrido polas instalacións industriais do Complexo.





## Mundo SOGAMA



A través de Coremaín, a delegación centroamericana coñeceu a iniciativa que permitirá a Sogama rastrexar os residuos en tempo real e proporcionar datos de interese aos concellos

### Profesorado de Turquía

No marco do programa Erasmus+ job shadowing, un grupo de docentes de formación de persoas adultas de Turquía realizou unha visita centrada nos programas de educación ambiental de Sogama. Os participantes destacaron especialmente os recursos didácticos dispoñibles, como o itinerario virtual 360º e os xogos educativos, así coma o enfoque pedagóxico das actividades desenvolvidas.

### Inspectores ambientais de Macedonia do Norte

Inspectores ambientais de Macedonia do Norte e Grecia que participan nun proxecto europeo Twinning, coñeceron o modelo operativo de Sogama como exemplo de xestión avanzada de residuos. A visita incluíu explicacións técnicas e un percorrido polas instalacións, no marco dun programa de cooperación orientado ao reforzo das capacidades de inspección ambiental no país balcánico.



Docentes dun instituto turco de formación de adultos visitaron, da man de Aproema, o Complejo Medioambiental de Sogama en Cerceda para coñecer o sistema de xestión de residuos de Galicia



Inspectores ambientais de Macedonia do Norte visitan Sogama no marco dun proxecto europeo Twinning liderado pola Consellería de Medio Ambiente





## A nosa contorna

### O II AEVERSU Summit abordará o papel da valorización enerxética na transición cara á economía circular

A Asociación de Empresas de Valorización Enerxética de Residuos Urbanos (AEVERSU) celebrará o vindeiro 29 de setembro en Madrid a segunda edición do AEVERSU Summit, un encontro que reunirá a representantes da industria, administracións públicas e expertos nacionais e internacionais para analizar o papel da valorización enerxética na xestión sostible dos residuos.

Tras o éxito da primeira edición, que congregou a 250 asistentes e máis de vinte especialistas internacionais, o foro consolídase como un espazo de referencia para o debate sobre os retos e oportunidades dun sector chamado a desempeñar un papel relevante na consecución dos obxectivos europeos de economía circular.

O programa estruturarase arredor de tres grandes eixos: a economía circular, a transformación dixital e a licenza social. Neste sentido, abordaranse cuestións como a contribución da valorización enerxética á simbiose industrial, a recupera-

ción de materiais críticos ou o desenvolvemento de aplicacións vinculadas ao hidróxeno e á captura e utilización de carbono.

A dixitalización tamén ocupará un lugar destacado no encontro, co estudo de impacto de tecnoloxías como a intelixencia artificial, a automatización e a análise avanzada de datos na mellora da eficiencia e da sostibilidade das instalacións.

Como novidade, esta segunda edición recuperará o espazo AEVERSU Tech, dedicado á presentación de innovacións e avances tecnolóxicos para o sector. Ademais, o encontro incorporará unha perspectiva internacional para compartir experiencias e boas prácticas doutros mercados e fomentar o intercambio de coñecemento entre os distintos actores implicados.

Máis información en  
<https://summit.aeversu.org/>



O presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, (segundo pola dereita) na primeira edición do AEVERSU Summit celebrado en Madrid en maio de 2025





## A nosa contorna

### Os Energy Days 2026 porán o foco na eficiencia enerxética, as renovables e a dixitalización

O Clúster de Enerxías Renovables de Galicia (Cluergal) traballa na organización da terceira edición dos Energy Days, un encontro que se celebrará do 30 de setembro ao 2 de outubro na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.

A cita centrará o seu programa na eficiencia enerxética, as enerxías renovables e a dixitalización aplicada tanto á industria como ás cidades e aos edificios. Para iso, contará con relatorios de alto nivel e mesas de debate nas que participarán especialistas de referencia nestes ámbitos.

Ademais do programa técnico, os Energy Days 2026 incluírán unha zona de exposición e diversas actividades de networking orientadas a favorecer o contacto entre profesionais e o in-

tercambio de coñecementos, experiencias e proxectos innovadores. O obxectivo é impulsar a colaboración entre os distintos axentes do sector e promover a xeración de novas oportunidades de negocio.

Segundo destacan desde Cluergal, o encontro tamén servirá para reflexionar sobre o papel das enerxías renovables na transición enerxética e a súa relevancia no actual contexto xeopolítico. Para fomentar o diálogo e as sinerxías entre os asistentes, organizaranse cafés de traballo, xantares, ceas profesionais, presentacións e entregas de premios ao longo das tres xornadas.

Toda a información en [www.energydays.es](http://www.energydays.es)



CLUERGAL SANTIAGO OCTUBRE 2026  
**ENERGY DAYS**  
ENERGÍA | INDUSTRIA | DIGITAL

Fonte: Cluergal





## A nosa contorna


### A Terra acumula máis calor da que libera e agrávase o impacto do cambio climático

A Terra está a reter cada vez máis enerxía procedente do Sol, unha situación que está a intensificar os efectos do cambio climático en todo o planeta. Así o recolle o informe sobre o Estado Mundial do Clima elaborado pola Organización Meteorolóxica Mundial (OMM), que incorpora por primeira vez o desequilibrio enerxético da Terra como un dos seus principais indicadores.

O documento sinala que o sistema climático acumula máis calor da que é capaz de devolver ao espazo. A maior parte desa enerxía, máis do 90 %, almacénase nos océanos, que desempeñan unha función esencial na regulación da temperatura global. Nas dúas últimas décadas, a calor absorbida anualmente polos mares foi equivalente a 18 veces o consumo enerxético da humanidade.

O informe tamén confirma que o período comprendido entre 2015 e 2025 foi o máis cálido desde que existen rexistros instrumentais. A temperatura media global situouse en 2025 en 1,43 graos centígrados por riba dos niveis preindustriais.

Entre as consecuencias máis visibles figuran a perda continuada de masa dos glaciares, o aumento do nivel do mar e a proliferación de ondas de calor mariñas. En terra, os fenómenos meteorolóxicos extremos provocaron importantes impactos sociais, ambientais e económicos, afectando a millóns de persoas en distintas rexións do mundo



En 2025 o nivel do mar rexistrouse en 11 centímetros por riba dos documentados en 1993

Fonte e imaxe: ONU





## A nosa contorna

### A Xunta reforza a concienciación sobre a recollida de biorresiduos con accións de gran impacto visual

A Xunta de Galicia impulsou unha nova acción de sensibilización cidadá para promover a correcta separación dos biorresiduos, unha fracción que representa arredor do 40 % dos residuos xerados nos fogares. A iniciativa enmárcase na campaña "Co marrón somos máis verdes" e desenvolveuse en Santiago de Compostela, Lugo e Ferrol mediante a instalación de espazos urbanos especialmente deseñados para captar a atención da cidadanía.

A actuación incluíu a decoración de marquesiñas de autobús con vexetación natural e elementos gráficos vinculados á reciclaxe da materia orgánica. Con ela buscouse reforzar o coñecemento sobre o uso do contedor marrón e favorecer hábitos que contribúan á valorización

destes residuos a través da súa transformación en novos recursos.

Segundo os datos facilitados pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, o 94 % dos concellos galegos xa dispón de sistemas para a recollida diferenciada dos biorresiduos.

Os resultados amosan unha evolución positiva. Durante o último ano, as catro plantas públicas de compostaxe de biorresiduos recibiron preto de 4.500 toneladas de materia orgánica procedente dos fogares, unha cifra que supón un incremento do 43 % respecto ao exercicio anterior e que reflicte unha maior implicación cidadá na separación en orixe.



A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ánxeles Vázquez, en Santiago presentando unha marquesiña de bus decorada coa imaxe da campaña

Fonte e imaxe: Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático





## A nosa contorna

### O Banco Mundial alerta dun aumento do 50 % na xeración de residuos urbanos cara a 2050

A produción mundial de residuos urbanos podería medrar un 50 % nas próximas décadas e alcanzar os 3.860 millóns de toneladas anuais en 2050. Así o recolle o informe "What a Waste 3.0", elaborado polo Banco Mundial, que analiza a situación global da xestión de residuos e os retos asociados ao crecemento demográfico, a urbanización e os cambios nos hábitos de consumo.

Segundo o estudo, a cantidade de residuos xerados está a aumentar a un ritmo superior á capacidade de resposta de moitos sistemas locais, especialmente nos países con menos recursos. As diferenzas entre territorios resultan significativas tanto na recollida como no tratamento. Mentres as economías de renda alta alcanzan taxas de recollida próximas á totalidade da poboación, nos países de renda baixa esta cobertura sitúase por debaixo dun terzo.

O informe tamén destaca que os residuos orgánicos representan a maior fracción dos refugalloos urbanos, cun 38 % do total. Esta realidade reforza a importancia de impulsar a súa recollida separada e o seu tratamento adecuado para favorecer a recuperación de recursos.

A pesar das dificultades, o Banco Mundial identifica oportunidades ligadas á creación de emprego, á innovación e ao desenvolvemento económico. Neste contexto, aposta por acelerar os investimentos, mellorar a planificación e fortalecer os sistemas de información para avanzar cara a unha xestión máis eficiente e aliñada cos principios da economía circular.



*A xestión de residuos urbanos representa, de media, o 6% dos orzamentos municipais, cun peso maior en países de menor renda.*

Fonte: Residuos Profesional  
Imaxe: Freepik





## A nosa contorna

### O aceiro consolídase como o material de envase comercial máis reciclado en Europa

A reciclaxe de envases de aceiro na Unión Europea acadou un novo máximo histórico ao situarse no 84 % durante 2024. Segundo os datos difundidos pola Asociación Steel for Packaging Europe (SfPE), esta cifra representa un incremento de dous puntos porcentuais respecto ao exercicio anterior e consolida a posición do aceiro como o material de envase comercial máis reciclado en Europa.

Os resultados foron calculados conforme á metodoloxía harmonizada da Unión Europea, que contabiliza unicamente os residuos de envases que entran nos procesos de reciclaxe. A evolución rexistrada prodúcese nun contexto de impulso das políticas comunitarias orientadas á economía circular e á mellora da eficiencia no uso dos recursos.

Desde a organización sectorial destacan que os envases de aceiro cumpren cos requisitos de reciclabilidade establecidos pola normativa europea e lembran que a chatarra recuperada constitúe unha materia prima de gran valor para a fabricación de novos produtos siderúrxicos. A súa reutilización contribúe a reducir o consumo de recursos naturais e apoia os obxectivos de descarbonización industrial promovidos pola Unión Europea.

A asociación considera necesario continuar reforzando as infraestruturas de recollida, clasificación e tratamento para manter esta tendencia positiva. Entre os retos identificados figuran a optimización dos sistemas de separación de residuos e a adaptación das cadeas de valor aos novos obxectivos comunitarios en materia de circularidade e recuperación de materiais.



*A reciclaxe de envases de aceiro considérase unha peza relevante dentro das estratexias europeas de eficiencia de recursos e descarbonización industrial*

Fonte: Asociación Steel for Packaging Europe (SfPE)  
Imaxe: Freepik





## A nosa contorna

### A crise climática afecta xa á maioría da poboación europea, segundo un informe comunitario

O impacto do cambio climático forma xa parte da experiencia cotiá de boa parte da cidadanía europea. Así o reflicte o informe “*Sobrequentado e pouco preparado*”, elaborado pola Axencia Europea de Medio Ambiente (AEMA) e a Fundación Eurofound, que conclúe que o 80 % dos europeos sufriu algún problema grave relacionado coa crise climática durante os últimos cinco anos.

O estudo, baseado en máis de 27.000 enquisas realizadas nos 27 Estados membros da Unión Europea, sitúa a calor extrema como o fenómeno que máis afecta á poboación. Case a metade das persoas consultadas asegura ter soportado temperaturas excesivas na súa vivenda ou lugar de traballo, mentres que máis do 60 % percibiu situacións de calor intensa na súa contorna habitual.

A investigación tamén revela que a capacidade para facer fronte a estes episodios varía en función da situación económica. Un de cada cinco europeos carece de medidas básicas de protección fronte ás altas temperaturas, como un bo illamento da vivenda, sistemas de ventilación adecuados ou coberturas específicas ante fenómenos extremos.

O informe sinala que a preocupación social pola crise climática é elevada e apunta á necesidade de reforzar tanto as medidas de adaptación como a protección dos colectivos máis vulnerables.



*Máis dun terzo da cidadanía afirma que non pode manter a súa vivenda a unha temperatura confortable durante os meses máis cálidos, unha porcentaxe que aumenta entre as familias con problemas económicos*

Fonte: Ambientum  
Imaxe: Freepik





## A nosa contorna

### O desperdicio alimentario suporá un custo de 460.000 millóns de euros para a cadea de subministración mundial

O desperdicio alimentario continúa representando un dos grandes desafíos para o sector da alimentación a nivel mundial. Segundo un informe elaborado por Avery Dennison, o custo asociado ás perdas de alimentos ao longo da cadea de subministración podería alcanzar este ano os 460.000 millóns de euros, unha cifra que equivale a arredor dun terzo dos ingresos do comercio minorista alimentario.

A investigación, realizada entre 3.500 responsables de empresas de distribución e loxística de distintos países, apunta á falta de visibilidade sobre a orixe das perdas como unha das principais dificultades para reducir o desperdicio.

O estudo tamén sinala a xestión dos inventarios e o exceso de existencias como factores determinantes na xeración de residuos alimentarios.

Neste contexto, os produtos cárnicos, as froitas e verduras e os artigos de panadería figuran entre as categorías máis afectadas.

A volatilidade da demanda, os cambios nos hábitos de consumo e o contexto económico engaden complexidade á planificación das empresas. Ante esta situación, o informe destaca a importancia de incorporar ferramentas tecnolóxicas que permitan mellorar a previsión da demanda, optimizar a xestión dos produtos e aumentar a trazabilidade.

Os responsables consultados consideran que a redución do desperdicio alimentario constitúe unha oportunidade para mellorar a eficiencia operativa e avanzar cara a modelos máis sostibles de produción e consumo.



*Segundo o informe de Avery Dennison, máis da metade dos profesionais consultados recoñece descoñecer o volume de produtos que se perde durante o transporte, unha das fases máis sensibles da cadea*

Fonte: Residuos Profesional  
Imaxe: Freepik





## A nosa contorna

### Presentada a primeira Guía de Profesionais da Economía Circular e a Sostibilidade

O Instituto Superior de Medio Ambiente e Ecoembes veñen de presentar a primeira "Guía de Profesionais da Economía Circular e a Sostibilidade" que a analiza as competencias máis demandadas por un sector en plena transformación.

O lanzamento tivo lugar nun acto celebrado na Universidade de Nebrija no marco da xornada "Talento con propósito: oportunidades en economía circular e sostibilidade", na que a publicación se presentou como unha radiografía das tendencias que están a marcar a evolución do emprego vinculado á transición ecolóxica.

O documento analiza os retos actuais do mercado laboral e identifica as competencias que

previsiblemente terán unha maior relevancia nos próximos anos. Entre elas figuran os coñecementos relacionados coa xestión de recursos, a economía circular, a avaliación ambiental e a integración de criterios de sostibilidade nos procesos empresariais.

A guía nace coa vocación de servir de referencia tanto para estudantes e persoas en busca de novas oportunidades laborais, como para empresas interesadas en captar talento nun contexto marcado pola transformación dos modelos produtivos cara a esquemas máis eficientes e respectuosos co medio ambiente.



*A guía detalla que perfís e coñecementos serán clave no curto e medio prazo en economía circular e sostibilidade*

Fonte e imaxe: Instituto Superior do Medio Ambiente





## A nosa contorna

### Europa quéntase máis rápido que a media mundial

Un informe da Organización Metereolóxica Mundial (OMM) e do programa Copernicus constata que o continente europeo estase a quentar a un ritmo que duplica a media mundial, e alerta das consecuencias sobre os ecosistemas e os recursos hídricos.

O documento recolle que as ondas de calor tiveron unha especial incidencia en amplas zonas do continente, incluíndo rexións do norte de Europa onde se rexistraron temperaturas excepcionalmente elevadas. Ao mesmo tempo, reduciuse a presenza de neve e os glaciares continuaron perdendo masa, reflectindo a transformación que experimentan os ecosistemas europeos.

O informe sitúa o último ano entre os máis secos das últimas décadas en termos de humidade do

solo e sinala que boa parte das áreas mariñas europeas estiveron expostas a episodios de calor intensa. Estas condicións afectan a hábitats especialmente sensibles, como as praderías submarinas do Mediterráneo, fundamentais para a conservación da biodiversidade mariña.

A seca e as altas temperaturas favoreceron ademais a propagación dos incendios forestais, que arrasaron máis dun millón de hectáreas en distintos puntos de Europa.

Entre os datos máis positivos, o estudo destaca que as enerxías renovables mantiveron por terceiro ano consecutivo unha participación superior á dos combustibles fósiles na xeración eléctrica, alcanzando o 46,4 % da produción total.



*Os efectos do quecemento de Europa tamén se deixaron sentir nos recursos hídricos e nos océanos*

Fonte e imaxe: ONU





## A nosa contorna

### Dez países europeos cumpren xa os obxectivos de recollida de botellas de plástico dun só uso

Segundo o primeiro informe de seguimento publicado pola Comisión Europea no marco da Directiva sobre Plásticos dun Só Uso, dez Estados membros alcanzaron xa as metas fixadas para 2025, situadas nunha taxa mínima do 77 % de recollida.

Entre os países que superan este limiar atópanse Bélxica, Dinamarca e Alemaña, xunto con Estonia, Polonia, Finlandia, Suecia, Lituania, Croacia e Eslovaquia. Ademais, seis deles lograron incluso cumprir o obxectivo do 90 % establecido para 2030, varios anos antes da data prevista.

Os datos, correspondentes ao exercicio 2022, indican que a taxa media de recollida separada de botellas de bebidas de plástico na Unión Euro-

pea alcanzou o 71 %. O informe identifica como elemento común nos países con mellores resultados, a implantación de sistemas de depósito, devolución e retorno, considerados unha ferramenta eficaz para incrementar a recuperación de envases.

A análise tamén revisa a evolución do consumo de produtos de plástico dun só uso e a xestión de residuos procedentes das artes de pesca. Neste ámbito, a Comisión Europea destaca a importancia de medidas como a responsabilidade ampliada do produtor, as campañas de sensibilización e o impulso de alternativas reutilizables para avanzar cara a modelos máis circulares e reducir a presenza destes residuos no medio ambiente.



*Bélxica, Dinamarca e Alemaña superaron o limiar do 77% de recollida separada*

Fonte: Residuos Profesional  
Imaxe: Freepik

